

# VIAXE A MANZANEDA

O martes 19 de maio de 2015, os alumnos de 6º curso fomos a Manzaneda de excursión. Tiñamos que estar no colexio ás oito e media para coller o bus e chegar a Manzaneda arredor das 10. Dividímonos todos os colexios por grupos e, o noso, foi xunto aos da Purísima e máis colexios. A cada grupo puxéronnos unha gorra de cores para diferenciarnos; o noso grupo tivo a gorra azul escuro.

A actividade coa que comezamos á mañá con 0°C, foi o béisbol; era un pouco difícil darlle á pelota co bate...

O segundo que fixemos foi ir ao pavillón, onde había diversos deportes para elixir: fútbol, baloncesto, brilé, “frisbee”, “ping-pong”, “badminton” e tenis.

Despois diso tomamos a merenda de media mañá. Ao rematar, fomos facer orientación fotográfica, que consistía en ver nunha foto e ti e máis o teu grupo, buscabades ese lugar.

Logo fomos á estación de esquí onde subimos e baixamos en telecadeira.

Ao rematar esa actividade fomos xantar ao comedor, onde nos deron macarróns, polo con patacas e, se querías, podías coller iogures ou unha peza de fruta.

Xusto despois, fomos ao “jumping”, onde podías aprender a facer volteretas.

Máis tarde fomos facer “bivaques”. Foi moi divertido traballar en grupo e facer as cabañas. O meu grupo e máis eu fomos moi orixinais, porque fixo a cabaña entre tres árbores en vez de dous.

E ao rematar, fomos ao máis emocionante e divertido... Á piscina! Había piscina e “jacuzi”, foi super divertido, aínda que moi pouco tempo.

Despois fomos ao pavillón a merendar un bocata e regaláronnos unha mochila de “La Región”. No pavillón fixemos un baile, un sorteo, xogamos...

De regreso a Ourense, volvemos cos do colexio da Purísima no autobús. Aínda que a miña mellor amiga encontrouse un pouco mal, mereceu a pena ir.

PAZ CALVIÑO PUERTAS

O día 19 de maio os alumnos de sexto curso de varios colexios fomos a Manzaneda. Foron dúas horas de viaxe, pero mereceu a pena esperar. Primeiro déronnos unhas gorras de cores para diferenciarnos uns dos outros. A primeira actividade foi o béisbol, no que nos dividiron en tres grupos para poder xogar ordenadamente. Despois fomos ao pavillón, onde xogamos a moitos deportes. Logo todos tomamos a merenda de media mañá. A seguinte actividade foi orientación fotográfica. Antes de ir a xantar usamos a telecadeira para subir á montaña.

Á hora de xantar comemos macarróns con salsa de tomate e polo con patacas. Despois de xantar fomos ao “jumping”, que foi un pouco aburrido para min. Logo do “jumping” fomos a unha actividade para aprender a facer “bivaques” con paus. Sinceramente, as que fixeron o mellor “vivac” foron unhas amigas miñas. A seguinte actividade foi a piscina, que foi increíble!

Por último fomos a unha pequena festa e a un sorteo de premios.

Ao volver moitos fomos mareados.

GAEL RODRÍGUEZ MARIÑO

Onte, día 19 de maio, fomos de excursión a Manzaneda, para celebrar o fin da etapa de primaria. Fomos moitos colexios. Cada colexio tiña unha gorra de diferentes cores; a nosa era de cor azul mariño.

Nada máis chegar dividíronos en grupos e fomos a xogar a béisbol, aínda que ía moitísimo frío. Despois, leváronnos ao pavillón e elegimos un xogo para pasar un pouco o tempo. Ao rematar estes xogos, fomos tomar o almorzo de media mañá. Despois, fixemos un xogo que a mín me encantou: Orientación Fotográfica; tiñaste que fixar moito. Cando xa rematamos este xogo, fomos montar na telecadeira. Foi unha experiencia impresionante, pero non só por ir a tanta altura, se non polas risas que botamos... Foi unhas das actividades que máis me gustou, aínda que fose moitísimo frío.

Cando xa demos as dúas voltas na telecadeira, fomos xantar. A comida era perfecta para coller máis enerxía e para entrar en calor.

Ao rematar, fomos ao "jumping"; era moi divertido. Cando todo o mundo rematou de saltar nas colchonetas do "jumping", fixemos unha actividade chamada "bivaque", consistía en facer cabañas con paus para sobrevivir unha noite no monte. Foi moi interesante.

Ao final e para rematar da mellor maneira, fomos á piscina climatizada e ao "spa".

Cando rematamos de relaxarnos, fomos merendar e cando xa comimos todo, bailamos moito e despois asistimos ao sorteo.

Foi un día especial e marabilloso. Daría o que fose porque fora outra vez antonte.

RUTH GRELA GÓMEZ

Onte fun a Manzaneda. A viaxe era longa, pois durou unha hora media aproximadamente. Ao chegar, como había máis colexios distribuímonos en grupos. Os da miña clase e máis eu, primeiro fomos xogar ao beisbol. Despois a un pavillón onde podíamos xogar a diferentes xogos coma o baloncesto, fútbol, frisbee... A continuación, a media mañá fomos almorzar algo e a montar nas telecadeiras. A continuación fomos a comer. Ao acabar de comer algúns montaron (incluída eu) nunha atracción chamada "Jumping". A continuación do jumping fomos ao bosque e alí nos explicaron como facer bivaques, que son unhas pequenas casas onde refuxiarse. Despois fomos aos vestiarios para cambiarnos e ir á piscina e ao balneario. Finalmente merendamos e bailamos un pouco e para acabar o día houbo un sorteo de agasallos.

FRANCESCA NOGUEROL

O día 19 de maio os alumnos de 6º fomos a Manzaneda. Saímos do cole as 8:30 e chegamos alí as 10:30 ou así.

Ao chegar, ao noso cole, ao da Purísima e outros coles máis déronnos a gorra de cor azul.

A primeira actividade que fixemos foi béisbol. Algúns non daban unha!

Despois fomos ao pavillón e xogamos, pero cada un xogaba ao que quixera entre brilé, baloncesto, pin-pon, fútbol, tenis, frisbee, badminton e voleiball.

Despois fixemos Orientación Fotográfica, pero antes almorzamos.

A continuación fomos á telecadeira; algún grupo ata comezou a rezar! Por certo, algún tivo un medo... E sí, tamén ía moito frío alá arriba. A continuación xantamos.

Despois fomos ao jumping; por certo, os monitores eran moi graciosos e agradables.

A continuación fomos facer bivaques. A monitora mandounos facer grupos con nenos doutros coles. Houbo bivaques moi interesantes, coma un que tiña unha antea parabólica, ou no que cabían máis de oito persoas, xa que estaba composto por tres árbores e tamén tiña teito.

Logo piscina e spa. O spa tiña correntes mariñas, jacuzi, e ata tumbonas de burbullas! Logo

merendamos e déronnos un agasallo que era unha mochila con comida dentro. Bailamos e, a continuación, o sorteo no que lle tocou a moita xente, entre esa xente tocoulle a Danya e a Rosa. O premio era un balón.

Para marchar ían chamando aos colexios para montar no bus.

Foi un día estupendo e unha viaxe increíble.

ÁNGELES CACHALDORA

O día 19 de maio, os alumnos de 6º curso fomos de excursión a Manzaneda. Para disfrutar a ``Gran Festa Fin de Curso La Región``. Fixemos moitas actividades como: béisbol, orientación fotográfica, telecadeira, facer bivaques e bañarnos nun balneario. A miña actividade preferida foi a telecadeira, aínda que ía moito frío e se me olvidara o abrigo.

Para rematar este gran día fixemos unha festa con música. Para animala un pouco veu unha animadora e case todos nos puxemos a bailar. Por último, fixeron un sorteo, a min non me tocou nada, pero a miña mestra Rosa sí. Así que todos poderemos disfrutar o seu premio, xa que era un balón.

Cando xa volvíamos para Ourense, estiveron cos ollos pechados case toda a viaxe, xa que estaba moi cansado. Foi a mellor excursión que fixen.

CARLOS SUÁREZ VARELA

Onte fun a Manzaneda co meu colexio e con outros. Fomos en autobús e cantamos. Cando chegamos déronnos a benvida e xogamos ó beisbol, jumping, orientación fotográfica, bivaques...e tamén fomos á piscina e montamos na telecadeira. Ó final volvimos e cantamos, sacamos fotos...Ata que os do colexio da Purísima se foron. Ao chegar estaban os pais e nais dos meus amigos e volvimos cansados.

SAMUEL JOSÉ LEE

O martes 19 de maio de 2015 os alumnos de sexto da provincia de Ourense fomos a Manzaneda a unha excursión organizada por La Región; esta excursión tivo moitas actividades, por exemplo beisbó, bivaques...

Parece ser que esta excursión encantoulle a todo o mundo, pero polo meu gusto tíñano todo moi mal organizado respecto ao tempo. Grazas a La Región poideron asistir máis de 1200 nenos/as a pasar un gran día fóra do colexio, e pasalo ben con outros colexios. Por iso, demos grazas a todos por pagarnos a comida, merenda e máis outros regalos e sorpresas.

JOEL AGREGÁN

O 19-05-2015 os alumnos de 6º de primaria do colexio Curros Enríquez fomos a unha excursión de fin de curso a Manzaneda. Tivemos que despertarnos un pouquiño máis cedo do normal; tiñamos que estar na porta do colexio ás oito e media da mañá. No autobús eramos moitos, os da Purísima e nós. Iamos cantando, berrando, falando, rindo...

Ao baixar do autobús ía moitísimo frío. Collemos as mochilas e déronnos unhas gorras de distintas cores a cada colexio. Como estabamos todos moi contentos e mortos de frío, para entrar en calor xogamos un pequeno partido de "béisbol" e despois fomos ao pavillón. Todos estabamos xogando; uns ao baloncesto, outros ao tenis ao bádminton, ao brilé...

Sáimos de alí e almorzamos. Que rico...Despois de almorzar fixemos a orientación fotográfica;

consistía en que nos daban unha foto e tiñamos que encontrar o lugar da fotografía. Algunhas eran moi difíciles ,por exemplo , había unha rocha plana e dúas redondas diante , outras, sen embargo eran moi fáciles...

Cando acabamos esa actividade fomos á telecadeira. Foi alucinante! Increíble! Fascinante ! Encantounos a todos, pero alí arriba ía moitísimo frío e ao baixar moito máis.

Comimos nunha cafetería. Colliamos unha bandexa, puñámola nunha barra e nos ían dando a comida ; os macarróns estaban moi ricos.

Logo fomos a uns arneses cun trampolín debaixo; saltabas , dabas cabriolas... Máis tarde , unha das cousas máis divertidas de todo foi a piscina. Fomos aos vestiarios e daban pouquísimo tempo para cambiarse (polo menos ás nenas). Todos nos metemos na piscina... Era moi divertido ; a auga estaba perfecta. Ao cabo dun rato, saímos, metémonos no vestiario, e...! Outra vez pouquísimo tempo! Incluso algunhas persoas saíron molladas; vestidas, pero molladas...

Subimos ao autobús e outra vez a berrar, cantar, houbo unha nena da miña clase que se mareou e vomitou, pero logo encontrouse mellor.

Chegamos ás dez cando deberíamos chegar as nove e media, pero bueno...¡ A excursión encantoume!

ANDREA BRUNE

Onte 19 de maio de 2015 os alumnos de sexto de primaria do colexio Curros Enríquez de Ourense fomos de excursión a Manzaneda . Saímos ás oito e media e chegamos ao redor das dez. Ao chegar encontrámonos con moitos colexios como o da Purísima, que nos acompañaron no bus. Facía moito frío e para quentarnos xogamos ao beisball. Despois entramos no pavillón e xogamos algúns ao brilé e outros a outros xogos. Ao terminar fomos almorzar e despois xogamos a orientación fotográfica. Despois montamos nas telecadeiras, fomos comer e xogamos no jumping ,a facer bivaques e á piscina. Logo merendamos e bailamos, fixemos un sorteo e con sorte eu e máis a miña titora gañamos un balón. Fomos de volta a casa. Pasámolo moooooi ben.

DANYA GHANAYEM RASHID